

NOTA DE PRENSA

Entrega dos premios “Rosa de Cen Follas” do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2012.- O vindeiro martes 11 de decembro de 2012 serán entregados os premios “Rosa de Cen Follas” correspondentes á V convocatoria destes premios. A entrega terá lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rúa Espiñeira, 10-Baixo en Santiago de Compostela. Comezando os actos ás 20.00 h. como a entrega dos premios por parte da Decana, M^a Rosa Álvarez Prada. As galardoadas desta edición son: Rocío Leira Castro na modalidade de narrativa coa obra titulada “*Recunchos incólumes*” e Alba Cid Fernández coa obra “*A raíz dos manglares*” na modalidade de poesía.

Tras a entrega do galardón, que como sempre irá acompañado da xa tradicional rosa, as dúas premiadas serán convidadas a ler as súas obras para todas as persoas asistentes. A continuación desta primeira lectura, as persoas asistentes que o desexen poderán proceder a ler obras propias ou da autoría doutras persoas, se así o desexan.

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es